

PREGUNTA DE AER SOBRE A SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA DA TEIXEIRA

PLENO 26 SETEMBRO 2013. ACTA 16/2013

“Tendo en conta os anos que pasaron os veciños, ANPAs, equipos directivos dos centros escolares, etc,.. pedindo os badéns para a mellora da seguridade viaria na Avda. Mendiño sen que atenderan ditas demandas.

Sabendo que a Estrada da Teixeira que atravesa O Viso é pola súa pendente propicia aos excesos de velocidade, e xa se levan demandado medidas de seguridade viaria, en reiteradas ocasións, por asociacións, veciños e polo Consello Parroquial.

Sabendo que veciños da parroquia tiñan demandado xa no ano 2010 e 2011 á Deputación a mellora da seguridade viaria con bandas reductoras de velocidade e a construción de beirarrúas polo menos nunha das marxes da estrada todo ao longo do seu traxecto, obtendo como resposta da Deputación o seguinte:

“No que a beirarrúas refírese, informa que a instalación de servizos (rede de sumidoiros, auga alumado, beirarrúas, etc) en vías provinciais leváronse a cabo sempre en convenio co concello respectivo e a petición deste, polo que é en devandito Organismo onde deberá prantexarse a necesidade.”

Coñecendo que os veciños informaron deste condicionante ao Concello no ano 2010 e no seu consello parroquial de referencia.

Sabendo que veciños da zona cren oportuno estudar a posibilidade de instalar badéns nas zonas máis urbanizadas da estrada, como pode ser o paso da estrada polo Alto do Viso entre a Igrexa e o Bar Madis (consultando e contando co permiso dos veciños cercanos), no entorno do Colexio de Cesantes, etc. e noutras zonas non urbanizadas pero perigosas; en tramos rectos previos a curvas ou tramos rectos prolongados onde a tendencia de moitos vehículos é a superar as velocidades recomendadas, pondo en perigo a viandantes, veciños e a outros condutores. Esta medida impediría o exceso de velocidade en todo o tramo, despois de que outras medidas (sinalización vertical, bandas sonoras, grupo semaforico, controis policiais...) non deran a solución final á problemática de seguridade deste viaria.

Coñecendo que se ten debatido en diferentes Consellos Parroquiais do Viso sobre a seguridade viaria nesta estrada xa dende o ano 2011, cos seguintes resultados entre outros:

Consello parroquial 2-12-2011

3.- Beirarrúas na Estrada Teixeira

O Consello Parroquial do Viso aproba por unanimidade das/os membros presentes que se continúe a xestión coa Deputación de Pontevedra para que constrúan as beirarrúas na Estrada do Viso.

Consello parroquial 23-08-2012

2.- Estado de execución de varias obras na parroquia

Sobre as beirarrúas da Teixeira informa que se está á espera da resposta da Deputación. Viñeron xa a ver a zona e se propúxose a instalación dunha rotonda, pero manifestaron que non dan os metros de distancia ata as vivendas, polo que habería que tratar o tema de que un veciño cedera uns metros.

Consello parroquial 20-12-2012

4.- Xestións sobre o requirimento á Deputación Provincial para a realización de actuacións na zona da Teixeira.

O Presidente informa que hai vinte días houbo unha xuntanza con Juanatei e ían empezar coa obra. Construíríanse beirarrúas, un paso de peóns elevado antes do cruce para que os vehículos reduzan a velocidade e vaise facer o tramo do colexio.

Consello parroquial 13-4-2013

2.- Estado das actuacións comprometidas

Beirarrúas e pasos de peóns no entorno do Colexio de Cesantes: estudar a posibilidade de pasos de peóns e a instalación de sinalización vertical.

O Presidente informa que os traballos na beirarrúa están rematados e agora quedan pendentes os pasos de peóns elevados e as sinalizacións verticais. A Deputación quedou de traer a maquinaria necesaria para facer os pasos elevados.

Sabendo que a veciñanza atópase á espera de que a Deputación dea unha resposta sobre as beirarrúas da Teixeira, unha vez que se ten reiterado en numerosas ocasións e que o Concello a través do seu representante no consello parroquial do Viso informou que xa transmitira a petición a este organismo público.

Sabendo que unha vez rematado o tramo de beirarrúas no entorno do colexio de Cesantes, e co curso escolar recentemente iniciado, aínda se segue á espera dende aquela pola Deputación para a instalación dos pasos de peóns elevados e as sinalizacións verticais.

Que téndose comprometido a Deputación en traer a maquinaria necesaria para facer os pasos elevados, poderíase estudar a instalación doutros en consenso cos veciños nos puntos máis perigosos e necesarios da estrada e proceder á súa execución aproveitando ese desembarco de maquinaria.

Preguntamos:

Vaise esperar, como pasou na Avda. Mendiño, a que ocorra unha desgraza para adoptar as medidas que garantan a seguridade en dita estrada do Viso?"

O concelleiro González Barbeiro di que non van a esperar a que suceda algo xa que están concienciados dabondo. Sinala que hai que cumprir barreiras físicas e o están a facer. Di que hai algúns compromisos neste sentido por parte da Deputación.